

Informe sobre aplicación da esixencia de aprobación dun Plan de mellora do núcleo rural prevista nun planeamento non adaptado (Concello de Ames - Expediente XCP-23-008)

ANTECEDENTES

ÚNICO.- O 26.01.2023 tivo entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia (núm. 2023/288538) oficio do Concello de Ames no que solicita informe da Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo "(...) sobre aplicabilidade dos indicadores introducidos no Plan Xeral de Ordenación Municipal ao abeiro da anterior Lei 1/1997 do Solo, relativos ao número de edificacións máximas permitidas a partir das cales sería necesaria a redacción dun Plan Especial de Mellora do Núcleo Rural (...)".

A consulta vai acompañada de informes do arquitecto municipal do 25.11.2022 e da asesora xurídica municipal do 01.12.2022, relacionados con esta cuestión.

Concretamente, cuestiónase a "(...) vixencia do límite de licenzas en solo de núcleo rural do art. 10.1.2 do PXOM, solicitando pronunciamento xurídico ao respecto.

O art. 10.2.1 do PXOM, relativo á norma zonal do solo de núcleo rural, determina que será de aplicación o número de edificacións máximas permitidas, a partir das cales será necesaria a redacción dun Plan Especial de Mellora do Núcleo Rural.

O art. 3.3.5 do PXOM contén os indicadores que, cando son superados, supoñen a obriga de redacción dun plan especial de mellora de núcleo rural, de acordo co previsto na Lei 1/1997 do solo (Lei á que está adaptado o PXOM). E, en parecidos termos o art. 24.4 da posterior Lei 9/2002, na redacción dada pola Lei 15/2004. Porén o dito apartado 4 do art. 24 da Lei 9/2002 foi suprimido pola Lei 2/2010 de modificación desta. E tal supresión mantense na vixente Lei 2/2016 que non prevé indicadores ou circunstancias que determinan a formulación dun plan especial de mellora de núcleo rural (...)".

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- Segundo o disposto no artigo 2.1.b) do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo, correspóndelle a este órgano consultivo a emisión de informes sobre a aplicación e interpretación da normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo que sometan á súa consideración as entidades que figuran no seu artigo 15, entre as que se atopan as entidades locais de Galicia.

SEGUNDA.- O Concello de Ames conta con Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) aprobado definitivamente polo Pleno municipal do 28.06.2002, publicado no *Diario Oficial de Galicia* do 19.07.2002 e publicada a súa normativa no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* do 20.08.2002.

A disposición transitoria primeira da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), relativa ao réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento sinala no seu apartado segundo que:

"2.- O planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, consonte as seguintes regras:

c) Ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións de solo non urbanizable de núcleo rural, nas súas áreas de influencia ou tolerancia, aplicaráselle integramente o disposto no



planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei".

Respecto á letra c), a disposición transitoria segunda do Regulamento da LSG, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro (en adiante, RLSG) engade a seguinte puntualización:

"Enténdese que resultan de aplicación neste caso as maiores limitacións que se regulen no planeamento respectivo, referidas aos parámetros urbanísticos ou posibilidades de utilización, sen prexuízo do réxime xurídico xeral do solo de núcleo rural, que será, en todo caso, o establecido nos artigos 36 a 40".

TERCEIRA.- A consulta formulada versa sobre a aplicación dos indicadores previstos no artigo 10.2.1 do PXOM de Ames en relación co seu artigo 3.3.5, relativos ao número de edificacións máximas permitidas, a partir das cales será necesaria a redacción dun Plan especial de mellora do núcleo rural.

O artigo 10.2.1.b) da normativa do PXOM de Ames, referido ao ámbito de aplicación da norma zonal do solo de núcleo rural establece que *"b) O número de edificacións máximas permitidas, a partir das cales será necesaria a redacción dun Plan Especial de Mellora do Núcleo Rural reflíctese no apartado correspondente do Réxime do Solo de Núcleo Rural que contempla a presente normativa"*.

Pola súa banda, o artigo 3.3.5 do PXOM, relativo á regulación dos plans especiais de mellora dos núcleos rurais, establece o seguinte:

"De acordo co establecido no apartado f) do artigo 13 da Lei do Solo de Galicia a continuación establécense os indicadores que darán lugar, dentro desta clase de solo, á necesidade de redactar un plan especial de mellora do núcleo.

En consecuencia deberá redactarse un Plan Especial de mellora do núcleo rural cando se dean algunha das circunstancias establecidas no artigo 27 da Lei do Solo de Galicia ou, en particular se manifesten algún dos seguintes indicadores:

En núcleos que contan con abastecemento de auga e saneamento municipal cando se excedeu o 60% de licenzas concedidas con respecto a edificacións existentes no momento de aprobación do Plan.

Nos núcleos rurais que carezan de servizos urbanísticos municipais cando se excedeu o 40% de licenzas concedidas con respecto a edificacións existentes no momento de aprobación do Plan. Os Plans Especiais de mellora do núcleo rural conterán as determinacións do apartado 3 do artigo 27 da Lei do Solo de Galicia (...)".

O PXOM de Ames está adaptado á derogada *Lei 1/1997, de 24 de marzo, do solo de Galicia*, que nos seus artigos 10 e 13 establecía como determinacións obrigatorias do plan xeral a fixación no solo de núcleo rural dos indicadores que deran lugar á necesidade de redactar un plan especial de mellora do núcleo para facer fronte á complexidade urbanística sobrevida e regulaba no seu artigo 27 estes plans especiais.

A vixente LSG non regula a figura dos plans especiais de mellora do núcleo rural e non contempla ningunha referencia á fixación de indicadores nesta clase de solo.

CUARTA.- O réxime transitorio aplicable aos municipios con planeamento non adaptado, exposto no consideración xurídica segunda, implica a aplicación en todo caso do réxime xurídico xeral do solo de núcleo rural previsto nos artigos 36 a 40 do RLSG, debendo entenderse que as limitacións que se regulen no planeamento respectivo están referidas unicamente aos parámetros urbanísticos ou posibilidades de utilización, pero non ao réxime xurídico do solo.



Así as cousas, o artigo 36 do RLSG non exige para o outorgamento de licenzas en solo de núcleo rural a previa formulación dun plan especial, polo que cabe concluír que non resulta esixible a formulación deste instrumento de planeamento.

En virtude da disposición derogatoria única tanto da LSG como do RLSG, se entenden derogados cantos preceptos de igual ou inferior rango, incluídas as determinacións do planeamento urbanístico, se opoñan ao disposto na lei e no seu regulamento.

As normas de planeamento do concello teñen a consideración de disposición de carácter xeral, de conformidade co establecido no artigo 84.1 da LSG, polo que os artigos 10.2.1.b) e 3.3.5 da normativa do PXOM de Ames se entenden derogados por opoñerse ao réxime previsto nos artigos 24 da LSG e 36 do RLSG.

CONCLUSIÓN

Os artigos 10.2.1.b) e 3.3.5 da normativa do PXOM nos que se fixan os indicadores relativos ao número de edificacións máximas permitidas en solo de núcleo rural e a obrigatoriedade de aprobación dun Plan especial de mellora do núcleo rural unha vez superados os mesmos, enténdense derogados por resultar contrarios ao réxime establecido nos artigos 24 da LSG e 36 do RLSG para o solo de núcleo rural.

O que se informa aos efectos oportunos, facendo constar a imposibilidade de resolver por vía de informe cuestións relativas a expedientes urbanísticos concretos de competencia municipal e que, de conformidade co disposto no artigo 16 do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, este informe non é vinculante, pero ten carácter interpretativo da norma ou situación obxecto de exame e aplicación.

